

As propiedades textuais I: a coherencia. As definicións

1. AS PROPIEDADES TEXTUAIS
2. A COHERENCIA
 - 2.1 Concepto
 - 2.2 Erros relacionados coa coherencia
 - 2.3 Actividades
3. AS DEFINICIÓNS
 - 3.1 A definición lóxica
 - 3.1.1 Actividades
 - 3.2 A definición nominal
 - 3.2.1 Actividades

1. AS PROPIEDADES TEXTUAIS

Le con atención os seguintes fragmentos e indica de xeito argumentado se che parecen ou non textos:

[Contexto: O profesor de francés pídelles ao seu alumnado que escriba un autorretrato en 10 liñas.]

Chámome Sandra e estou un pouco triste por ter que volver á escola pero tamén contenta porque me gusta a escola, sobre todo o Francés e a Historia, cando aprendemos como os seres humanos construíron o mundo onde vivimos hoxe. Terei aínda unha morea de cousas que dicir pero vostede vaime recoller asíña a folla porque quixen facelo demasiado ben e comecei a escribir hai dous minutos, perdóme polas falta.

Chámome Hinda, teño catorce anos e son feliz de vivir. Máis tarde gustaríame ser mestra. Gustaríame estar en maternal, así teño menos traballo, unha folla e un feltro e xa están ocupados toda a xornada. Non, estou de broma, é só que me encantan os rapaces e tamén os libros de amor.

François Bégadeau: *A clase*

As esixencias que debe cumprir un conxunto de enunciados para constituír un texto denomínanse **propiedades textuais** e son, basicamente, tres: **a coherencia, a cohesión e a adecuación.**

2. A COHERENCIA

2.1 Concepto

A coherencia é a propiedade que se refire á **selección e organización da información**. Cando producimos un texto debemos facernos entender dicindo o que queremos dicir. Para iso, debe "ter sentido", isto é, ten que ser coherente. A información que queiramos transmitir cumprirá, polo tanto, unha serie de requisitos:

- **Estar relacionada**, é dicir, ten que tratar do mesmo **tema**. Por iso ao longo do texto teremos repeticións dos seus elementos.
- Ser **completa e suficiente**: non poden quedar lagoas.
- Pero **non ser redundante**: non debemos repetir o xa exposto nin datos innecesarios.
- Non pode ser **contraditoria**: non podemos afirmar algo e expresar o contrario no parágrafo seguinte.
- Debe estar **organizada de xeito lóxico**, agrupando as diferentes ideas en parágrafos. A medida que avance o texto iremos introducindo progresivamente ideas novas (**rema**) sobre o tema tratado.
- Debe ser **clara** e estar exposta de xeito **comprensible** e sen rodeos.

Non todos os textos teñen o mesmo tipo de organización, é dicir, de **estrutura**, que depende das situacións comunicativas. Nalgúns casos, a estrutura vén determinada polo tipo de texto (por ex., nas cartas ou nas instancias). En xeral, podemos dividir un texto en tres partes: presentación do tema, desenvolvemento e conclusión. Se responde a esta estrutura será aconsellable que conste de tres parágrafos, como mínimo.

2.2 Erros relacionados coa coherencia

Para unha expresión clara e inmediata, debemos corrixir as **impropiedades e imprecisións léxicas**.

a) A **impropiedade léxica**: emprego erróneo dunha palabra porque se lle atribúe un significado que non é o seu propio. Débese, fundamentalmente, a dúas causas: os termos confúndense porque posúen significados similares ou porque se parecen fonicamente. Por ex., en *Semella que o exército americano*

aínda non abandonará Irak, o termo *americano* está mal utilizado, dado que no seu lugar debería figurar *estadounidense*. Por outra banda, na oración *Nas reunións da empresa a opinión das mulleres era sempre desprezable*, *ninguén a tiña en conta*, o termo *desprezable* úsase equivocadamente no canto de *desprezada*.

b) **Léxico impreciso**: para favorecer a correcta interpretación dos nosos textos, procuraremos empregar léxico o máis exacto posible; debemos, polo tanto, corrixir os seguintes hábitos:

Tipo de imprecisión	Forma non recomendable	Forma recomendable
Circunloquios	<i>facer uso de</i> <i>estar en posesión de</i> <i>dar comezo a...</i>	<i>usar</i> <i>posuír</i> <i>comezar</i>
Sinónimos consecutivos	<i>Neste xornal informamos de feitos diarios e cotiáns, que nos afectan directamente.</i> <i>A reforma da empresa é conveniente e aconsellable.</i>	Escolleremos entre <i>feitos diarios</i> ou <i>feitos cotiáns</i> . Escolleremos entre <i>é conveniente</i> ou <i>é aconsellable</i> .
Redundancias	<i>subir arriba</i> <i>progresar cara adiante</i> <i>perruca postiza</i>	<i>subir</i> <i>progresar</i> <i>perruca</i>

2.3 Actividades

1. Deseguido presentámosche a mestura de dous textos diferentes. Cópiaos distinguindo coherentemente as oracións e parágrafos que forman cada un deles.

O sistema cardiovascular conduce e fai circular o sangue. A Braña de Sapal está entre Miñata, lugar da parroquia de San Martiño de Oca, Coristanco (A Coruña), e Noví, na parroquia de Santa María de Ardaña. No ser humano a circulación sanguínea realiza dous circuitos a partir do corazón, concello de Carballo (A Coruña): a circulación maior e a menor. Desde sempre sabíase que había alí unhas pozas polas que ninguén se atrevía a pasar e tamén se sabe que unha vez pasou unha besta por aqueles illós e afogou. Na circulación maior ou somática, o percorrido do sangue comeza no ventrículo esquerdo do corazón, cargado de osíxeno, e esténdese pola arteria aorta e as súas ramas arteriais ata o sistema capilar, onde se forman as veas que conteñen sangue pobre en osíxeno. Desde entón, o que se empeñe en pasar por alí afoga seguro. Desembocan nunha das dúas veas cavas (superior e inferior) que drenan na aurícula dereita do corazón. Na circulación menor ou pulmonar ou central, sangue pobre en osíxeno parte desde o ventrículo dereito do corazón pola arteria pulmonar que se bifurca en senllos troncos para cada un dos pulmóns. En Miñata e en Noví saben o da besta porque todos os anos o día 19 de agosto. Nos capilares alveolares o sangue osixénase a través dun proceso coñecido como hematose e recondúcese polas catro veas pulmonares que drenan o sangue rico en osíxeno, ás doce en punto da noite, senten o seu rinchar, na aurícula esquerda do corazón.

2. Imaxina que tes que facer unha redacción sobre o dereito á alimentación. Dos datos que che damos, selecciona aqueles que estarían directamente relacionados con este tema.

1. O dereito á alimentación está incluído na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
2. O Día Mundial da Alimentación celebrouse este ano en Roma cun concerto solidario.
3. As mulleres son as primeiras loitadoras contra a fame: garanten o alimento das familias e o desenvolvemento dos fillos/as dende que nacen ata a idade adulta.
4. No mundo hai 854 millóns de persoas que pasan fame, a pesar de que se producen alimentos suficientes para toda a poboación mundial.
5. Os prezos do trigo e o leite subiron debido ás consecuencias meteorolóxicas do cambio climático, ao avance dos biocombustibles e ás demandas de novos mercados.
6. A FAO propón ensinarlles nutrición aos escolares para reducir as consecuencias das enfermidades relacionadas coa alimentación.
7. A FAO é un organismo internacional que traballa para que se fagan políticas que garantan o dereito á alimentación.
8. Cada día morren 40 000 nenos e nenas pola mala nutrición e as enfermidades relacionadas.
9. As técnicas nucleares aplicadas á agricultura están permitindo obter mellores colleitas.
10. O consumo mundial de auga medrou no último século dúas veces máis cá poboación.

3. Escribe en cada oco a palabra adecuada das seguintes parellas: *anxinas/amígdalas, inverosímil/indiferente, talo/tallo, inalterable/inalterado, ratificar/rectificar, proscribe/prescribe, esmola/esmorga, sono/soño, patente/latente, escaseza/ausencia, autónomo/autóctono e herexía/elexía.*

1. Está na cama con _____ .
2. Dáme igual o que decida, éme _____ .
3. Á planta quedáronlle marcas das medras no _____ .
4. No minuto corenta o marcador continuaba _____ co 0-0 inicial.
5. Admite que se equivocou e está moi arrepentido das súas palabras, así que vainas _____ publicamente.
6. A lei _____ a venda de alcohol a menores.
7. Andou toda a noite de _____ e ao día seguinte quedou durmido.
8. Dar a volta ao mundo é o meu _____ .
9. O seu desgusto quedou _____ , non o agochou en absoluto.
10. Os pacientes estaban contentos, a pesar da _____ de medios do hospital.
11. Aprendestes e xa podeades traballar de xeito _____ , non precisades de min.
12. Compuxo unha _____ pola morte da súa nai.

4. Propón unha alternativa máis precisa para estes circunloquios:

- facer entrega:
- ser obxecto de ameazas:
- facer público:
- dar un repaso:
- ser da opinión de:
- manter unha entrevista:
- dar por finalizado:
- tomar parte en:
- proceder á inauguración:
- facer un investimento:

5. Volve escribir cada unha destas oracións eliminando as palabras que non acheguen información nova:

- a) Báixame abaixo pola caixa de ferramenta.
- b) Sorprendentemente, esta lei continúa vixente na actualidade.
- c) Explicaremos os diversos e diferentes xeitos de preparar o polbo.
- d) O principal, o máis importante é que as vítimas denuncien os seus agresores.
- e) Nas súas mans é coma un monicreque: fai del o que quere e desexa.
- f) É unha rapaza moi sobradamente preparada.
- g) Despois, dentro duns minutos, ofreceremos información detallada.
- h) Na miña opinión, penso que se debería modificar a lexislación.
- i) A protagonista principal da novela é unha nena de Mozambique.

3. AS DEFINICIÓNS

Definir unha palabra é explicar o seu significado. Para facelo, contamos con dous métodos básicos: a definición lóxica e a definición nominal.

3.1 A definición lóxica

Consiste en describir a realidade designada por unha palabra desde o seu aspecto máis xeral (para o que usamos un hiperónimo) ata os trazos particulares. É a máis adecuada para definir substantivos concretos.

Exemplos:

- *alfinete*: peza de metal, de forma, tamaño e grosor similares aos da agulla, que acaba en punta nun dos extremos e nunha cabeza no outro.
- *beirarrúa*: espazo ao lado das rúas e das estradas reservado para que circulen os viandantes.
- *culler*: utensilio que consta dun mango longo e unha pa oval no extremo, usado para levar á boca líquidos ou substancias pouco consistentes.
- *demo*: ser imaxinario que popularmente e para a relixión cristiá representa o espírito do mal.

3.1.1 Actividades

1. Sinala nos exemplos anteriores os hiperónimos e os trazos particulares de cada definición.

2. Completa as definicións que seguen co substantivo que describe o aspecto xeral:

- a) orballo: _____ miúda e persistente.
- b) chuvia: _____ en forma de pingas de auga procedente da condensación do vapor de auga que existe na atmosfera.
- c) pinga: _____ pequena de líquido que se desprende e cae.
- d) mazá: _____ comestible da maceira.
- e) maceira: _____ da familia das rosáceas, de tronco xeralmente retorto e copa redonda, follas ovadas, dentadas e flores en umbela rosáceas; o seu froito é a mazá.
- f) folla: _____ dos vexetais que nacen das pólas e dos talos e que realizan a fotosíntese e a transpiración.
- g) póla: _____ que saen do talo das plantas e arbustos ou do tronco das árbores, nos que, xeralmente, nacen as flores e os froitos.

3. Completa as definicións cos trazos particulares:

- a) chícharo: planta leguminosa...
- b) cheminea: conduto...
- c) bote: recipiente...
- d) avespeiro: sitio...
- e) entremés: prato...
- f) falopa: partícula...
- g) merlo: paxaro...

4. Volve ler o texto sobre a Braña de Sapal, localiza todos os substantivos concretos e defíneos de xeito lóxico. Se coñeces algún sinónimo, engádeo tamén no final de definición.

3.2 A definición nominal

Consiste en explicar unha palabra empregando unha serie de estruturas, outras palabras de mesma familia e sinónimos ou antónimos. A palabra definida non pode entrar na definición. É a forma máis axeitada de abordar substantivos abstractos, adxectivos, verbos e adverbios. Non obstante, nunha mesma palabra pódense combinar a definición nominal e a léxica.

No caso dos verbos, sempre se empeza a definición con outro verbo de significado máis amplo ou cun sinónimo. Ex.: *Axexar: observar agachado con precaución e cautela, procurando non ser visto; espreitar, vixiar, espiar.* Para a definición de substantivos, adxectivos e adverbios algunhas das estruturas que se poden empregar son as seguintes:

Clase de palabras	Mecanismo de formación	Estrutura da definición	Exemplos
Substantivos	Derivados de adx.	"Condición, calidade ou carácter do que é +adx ou sinónimo do adx."	
	Derivados de verbo	"Acción e resultado de+verbo ou sinónimo do verbo"	
	Derivados de subst.	Actitude do que... / Doutrina, sistema...	
Adxectivos	Derivados de subst.	De...	
		Dise do/da que.../ que ten forma/aspecto de...	
		Relativo ou pertencente a...	
	Derivados de verbos	Dise do/da que (non) se pode...	
		Dise do/da que merece, debe ou pode ser...	
		Dise do/da que...	
Adverbios		Con+substantivo	
		Dun modo/dunha forma+adxectivo	

3.2.1 Actividades

1. Le as definicións e coloca cada termo no lugar da táboa anterior que lle corresponda:

- ⇒ **Acometida**: acción e efecto de acometer, atacar.
- ⇒ **Comicidade**: calidade ou carácter do que é cómico ou gracioso.
- ⇒ **Narcisismo**: actitude do que se comprace excesivamente nas propias calidades e beleza.
- ⇒ **Pacifismo**: conxunto de doutrinas e movementos partidarios da supresión da guerra como medio de resolver os conflitos político-sociais.
- ⇒ **Abstemio**: dise da persoa que non bebe ningún tipo de bebidas alcohólicas.
- ⇒ **Adecuadamente**: dun modo adecuado, correcto.
- ⇒ **Caritativamente**: con caridade, con compaixón.
- ⇒ **Ciliar**: relativo ou pertencente ás pestanas.
- ⇒ **Colosal**: de tamaño xigantesco.
- ⇒ **Comestible**: dise do que se pode comer, inxerir.
- ⇒ **Criticable**: dise do que ou de quen merece, debe ou pode ser criticado; digno de crítica.
- ⇒ **Maniático**: dise de quen ten manías.
- ⇒ **Oval**: dise do que ten forma de ovo ou de óvalo.

2. Agora completa con sinónimos as definicións das palabras do exercicio anterior sempre que sexa posible.

3. Volvemos ao texto da circulación sanguínea. Define todas as palabras léxicas do primeiro parágrafo.